REUNIÓN DA COMISIÓN 6ª, INDUSTRIA, ENERXÍA, COMERCIO E TURISMO

Día: 06.07.2018 Hora: 10:30

PARLAMENTO DE GALICIA

A Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo, da que vostede forma parte, reunirase o próximo día 6 de xullo de 2018, ás 10:30 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

Punto 1. Comparecencia

1.1 32547 (10/CPC-000057)
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
Da directora da Axencia Galega de Innovación, por petición propia, para informar das actuacións postas en marcha pola Xunta de Galicia para o impulso e utilización da compra pública innovadora como oportunidade para o tecido empresarial galego e a mellora dos servizos públicos
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 329, do 29.06.2018

Punto 2. Preguntas

2.1 26874 (10/POC-004364)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Pérez Seco, José Manuel e Losada Álvarez, Abel Fermín
Sobre as razóns polas que se declarou deserto por segunda vez o concurso convocado para a explotación do complexo do Monte do Gozo e, se é o caso, o prazo e o procedemento previsto para a convocatoria dun novo concurso para ese fin
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 272, do 07.03.2018

2.2 29320 (10/POC-004693)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Presas Bergantiños, Noa e 5 máis
Sobre as actuacións levadas a cabo polo Goberno galego para o cumprimento do acordo parlamentario do 9 de outubro de 2017 referido aos problemas de cobertura telefónica e de conexión á Internet da veciñanza do concello de Cartelle, así como ao desenvolvemento do Plan de banda larga de Galicia 2020, o prazo previsto para o arranxo das zonas de sombra que permanecen nese concello e as conversas mantidas ao respecto
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 293, do 18.04.2018

2.3 30985 (10/POC-004895)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Blanco Rodríguez, Noela e 3 máis
Sobre a renovación polo Goberno galego no ano 2018 do convenio coa Deputación Provincial de Ourense para a apertura ao público da piscina da Consellería de Economía e Industria situada no Parque Tecnolóxico de

Galicia, ou, se é o caso, as razóns para non facelo, as actuacións levadas a cabo no último ano para adaptar ese espazo á normativa vixente e a realización do estudo económico para o acondicionamento da súa zona deportiva, así como o orzamento que vai destinar para ese fin
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 309, do 23.05.2018

2.4 32070 (10/POC-005052)
Grupo Parlamentario de En Marea
Casal Vidal, Francisco e Villares Naveira, Luis
Sobre os datos referidos ao desenvolvemento da primeira fase do proxecto de compra pública precomercial no ámbito dos drones
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 319, do 13.06.2018

Punto 3. Proposicións non de lei

3.1 27988 (10/PNC-002186)
Grupo Parlamentario de En Marea
Casal Vidal, Francisco
Sobre a demanda polo Goberno galego ao Goberno central do estudo dunha baixada do IVE da enerxía eléctrica para as potencias e consumos establecidos como imprescindibles
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 280, do 21.03.2018

3.2 30298 (10/PNC-002436)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Presas Bergantiños, Noa e 5 máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas deficiencias e carencias que presenta en materia de sinalización e seguridade o Camiño de Santiago ao seu paso por Seixalbo, na provincia de Ourense
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 301, do 08.05.2018

3.3 31961 (10/PNC-002598)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Blanco Paradelo, Moisés e 12 máis
Sobre a elaboración pola Xunta de Galicia, coa participación do sector, de plans de innovación específicos para o desenvolvemento de novos usos da madeira, novos materiais de base biolóxica e de aplicación do deseño que contribúan a mellorar a valorización dos produtos da industria forestal
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 319, do 13.06.2018

Os grupos parlamentarios poderán presentar emendas ás mocións e ás proposicións non de lei ata seis horas antes do inicio da sesión, o abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento.

PARLAMENTO
DE GALICIA

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 2 de xullo de 2018

Cristina Isabel Romero Fernández
Presidenta da Comisión

RELACIÓN DE MEMBROS DE

COMISIÓN 6ª, INDUSTRIA, ENERXÍA, COMERCIO E TURISMO

POR ORDE ALFABÉTICA

Mesa

Presidenta

Cristina Isabel Romero Fernández	P

Vicepresidenta

Sandra Vázquez Domínguez	P

Secretaria

Noa Presas Bergantiños	BNG

Vogais

María Ángeles Antón Vilasánchez	P
Moisés Blanco Paradelo	P
Francisco Casal Vidal	EM
Luca Chao Pérez	EM
Abel Fermín Losada Álvarez	S
Marta Nóvoa Iglesias	P
José Manuel Pérez Seco	S
Moisés Rodríguez Pérez	P
Miguel Ángel Tellado Filgueira	P

Reunión da Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

Día: 06.07.2018 Hora: 10:30

Orde do día

1. Comparecencia

Reunión da Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo
Día: 06.07.2018 Hora: 10:30
Orde do día

1.1 32547(10/CPC-000057)

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Da directora da Axencia Galega de Innovación, por petición propia, para informar das actuacións postas en marcha pola Xunta de Galicia para o impulso e utilización da compra pública innovadora como oportunidade para o tecido empresarial galego e a mellora dos servizos públicos

Publicación da iniciativa, 329, 29.06.2018

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
19 XUÑ. 2018
Núm. 32547

XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

galicia

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS
19 XUÑ. 2018
SAIDA
Num. 218

Solicítolle, consonte o disposto no artigo 143 do Regulamento da Cámara, a comparecencia a petición propia en Comisión 6ª Industria, Enerxía, Comercio e Turismo -da directora da Axencia Galega de Innovación- para informar das ***"actuacións postas en marcha pola Xunta de Galicia para o impulso e utilización da compra pública innovadora como oportunidade para o tecido empresarial galego e a mellora dos servizos públicos".***

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado por: GARCIA-SEÑORÁNS ALVAREZ, BLANCA
Cargo: Directora Xeral
Data e hora: 18/06/2018 11:28:53

CVE: ES-V42c7dl3
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

Reunión da Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

Día: 06.07.2018 Hora: 10:30

Orde do día

2. Preguntas

Reunión da Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo
Día: 06.07.2018 Hora: 10:30
Orde do día

2.1 26874(10/POC-004364)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Pérez Seco, José Manuel e Losada Álvarez, Abel Fermín

Sobre as razóns polas que se declarou deserto por segunda vez o concurso convocado para a explotación do complexo do Monte do Gozo e, se é o caso, o prazo e o procedemento previsto para a convocatoria dun novo concurso para ese fin

Publicación da iniciativa, 272, 07.03.2018

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/02/2018 13:57
Nº Rexistro: 26874
Data envio: 23/02/2018 13:57:33.237

Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos Socialistas de Galicia

José Manuel Pérez Seco e Abel Fermín Losada Álvarez, deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 6ª.

O concurso presentado pola Xunta de Galicia para a explotación do complexo do Monte do Gozo volveu quedar deserto. As elevadas esixencias solicitadas polo seu convocador eran excesivas e ninguén conseguía reunir as condicións para conseguilo.

Non obstante, esta situación, non sorprendeu ao sector turístico e hoteleiro galego o cal consideraba que as condicións do prego eran "abusivas, con cláusulas que facían moi difícil que calquera empresa se puidese presentar". O elevada investimento inicial que esixía o concurso, así como a grande cantidade de gastos fixos en persoal e mantemento facían que fose practicamente inaceptable para calquera empresa.

Un dos obxectivos dunha empresa que se interesa por unha concesión é a posibilidade de facela rendible e, segundo apuntan do sector, o proxecto "non era atractivo dende ningún punto de vista", polo tanto, o que quedase deserto non é de estrañar.

Debido á evolución do peregrino nestes últimos anos, diversificando o tipo de aloxamento que buscan e o tipo de turismo que realizan, o proxecto que se desenvolva no complexo do Monte do Gozo ten que ser atractivo en innovador para que funcione e sexa rendible.

A pesar do gran esforzo de investimento realizado por Turismo de Galicia no complexo, non é suficiente. Tense que dar cun proxecto que sexa realmente "atractivo, con servizos que serva para atraer ao visitante", no só durante os meses de grande afluencia de peregrinos. O acondicionamento do espazo e a súa mellora son elementos esenciais para que a concesión sexa tentador para as potenciais empresas á hora de se presentaren para conseguir a concesión.

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/02/2018 13:57
Nº Rexistro: 26874
Data envio: 23/02/2018 13:57:33.237

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Por iso os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas:

1ª) Cales son as causas polas que ningunha empresa se quere facer cargo do complexo do Monte do Gozo?

2ª) Cales foron as causas polas que quedou por segunda vez deserto o concurso do complexo do Monte do Gozo?

3ª) Cal é o motivo polo que a Xunta de Galicia segue investindo cartos públicos, xa que os gastos de acondicionamento deberían ser asumidos pola empresa concesionaria?

4ª) De haber outro concurso, será aberto ou negociado, no caso de ser afirmativa a resposta, en que prazo?

Pazo do Parlamento, 22 de febreiro de 2018

Asinado dixitalmente por:

Jóse Manuel Pérez Seco na data 23/02/2018 13:54:27

Abel Fermín Losada Álvarez na data 23/02/2018 13:54:35

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

Reunión da Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo
Día: 06.07.2018 Hora: 10:30
Orde do día

2.2 29320(10/POC-004693)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre as actuacións levadas a cabo polo Goberno galego para o cumprimento do acordo parlamentario do 9 de outubro de 2017 referido aos problemas de cobertura telefónica e de conexión á Internet da veciñanza do concello de Cartelle, así como ao desenvolvemento do Plan de banda larga de Galicia 2020, o prazo previsto para o arranxo das zonas de sombra que permanecen nese concello e as conversas mantidas ao respecto

Publicación da iniciativa, 293, 18.04.2018

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/04/2018 13:36
Nº Rexistro: 29320
Data envio: 12/04/2018 13:36:27.437

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, **Olalla Rodil Fernández**, **Ana Pontón Mondelo**, **Xosé Luis Rivas Cruz**, **Luis Bará Torres** e **Montserrat Prado Cores**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 6ª**.

Na sesión do 9 de outubro de 2017 da Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo o Bloque Nacionalista Galego presentou unha iniciativa sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego para lle posibilitar á veciñanza do concello de Cartelle unha cobertura telefónica axeitada e a conexión á internet polo sistema de satélite 3G ou polo sistema terrestre cunha calidade aceptable, así como para o desenvolvemento do Plan de banda larga de Galicia 2020.

Froito dese debate derivouse un acordo unánime de todas as forzas políticas co seguinte contido:

«O Parlamento de Galiza insta á Xunta de Galicia:

1. Para que, da man do Concello de Cartelle, se volvan realizar as xestións oportunas coa veciñanza e as respectivas comunidades de montes para buscar solucións viables, que poidan dar resposta aos problemas de cobertura telefónica e internet en varios núcleos de poboación do concello de Cartelle, garantindo a igualdade de oportunidades con independencia de onde se viva.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/04/2018 13:36
Nº Rexistro: 29320
Data envio: 12/04/2018 13:36:27.437

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

2. A dirixirse ao Goberno de España para que ambas as administracións teñan en conta a existencia desta e doutras posibles zonas de sombra na provincia de Ourense á hora de desenvolver os seus plans de extensión de redes de banda larga.»

Cómpre insistir en recordar que na sociedade actual o acceso a unha rede de telefonía e de internet é un elemento básico e imprescindíbel para as e os veciños poderen desenvolver as súas vidas persoais e profesionais en condicións de igualdade de oportunidades. Neste sentido, é preciso arbitrar todos os mecanismos precisos para garantir esa igualdade, máis aínda cando hai receptibilidade por parte da veciñanza canto á oferta de espazos para ubicar as melloras precisas.

Por estes motivos formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 6ª:

- Que actuacións levou a cabo o goberno galego para dar cumprimento ao acordo parlamentario referido?

- Ten constancia o goberno galego da pervivencia de zonas de sombra no Concello de Cartelle que conleva falta de cobertura telefónica e de internet ocasionando graves prexuízos persoais e profesionais?

- Que horizonte temporal manexa para pórlle solución?

- Ten valorado ou vai valorar a Xunta de Galiza esta situación á hora de desenvolver o Plan de Banda Larga de Galicia 2020 e as actuacións da AMTEGA? Con que medidas prácticas?

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/04/2018 13:36
Nº Rexistro: 29320
Data envio: 12/04/2018 13:36:27.437

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Que diálogos e con que data estabeleceu a Xunta de Galiza co Concello de Cartelle sobre esta cuestión?

-E coas e cos propietarios do monte en man común do Couto do Castro que puxeron ao dispor terreos para a colocación dunha antena que dera cobertura a zonas como a parroquia de Sabucedo e a parroquia de Pereira de Montes, do concello limítrofe de A Merca?

-Ten pensado mediado para favorecer unha solución?

Santiago de Compostela, 12 de abril de 2018

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Olalla Rodil Fernández

Montserrat Prado Cores

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 12/04/2018 13:34:46

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/04/2018 13:36
Nº Rexistro: 29320
Data envio: 12/04/2018 13:36:27.437

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

María Montserrat Prado Cores na data 12/04/2018 13:34:51

Ana Pontón Mondelo na data 12/04/2018 13:34:53

Xose Luis Rivas Cruz na data 12/04/2018 13:34:55

Olalla Rodil Fernández na data 12/04/2018 13:34:56

Xosé Luis Bará Torres na data 12/04/2018 13:34:58

Reunión da Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo
Día: 06.07.2018 Hora: 10:30
Orde do día

2.3 30985(10/POC-004895)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e 3 máis

Sobre a renovación polo Goberno galego no ano 2018 do convenio coa Deputación Provincial de Ourense para a apertura ao público da piscina da Consellería de Economía e Industria situada no Parque Tecnolóxico de Galicia, ou, se é o caso, as razóns para non facelo, as actuacións levadas a cabo no último ano para adaptar ese espazo á normativa vixente e a realización do estudo económico para o acondicionamento da súa zona deportiva, así como o orzamento que vai destinar para ese fin

Publicación da iniciativa, 309, 23.05.2018

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/05/2018 16:35
Nº Rexistro: 30985
Data envio: 15/05/2018 16:35:36.578

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Á Mesa do Parlamento

Noela Blanco Rodríguez, Raúl Fernández Fernández, Abel Losada Alvarez e José Manuel Pérez Seco, deputada e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 6.ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo**.

Dende hai 17 anos un convenio, que se renovaba de maneira anual, entre a Xunta de Galicia e a Deputación de Ourense, permitía que a piscina do Parque Tecnolóxico de Galicia – titularidade da Consellería de Economía, Emprego e Industria e administrada pola Tecnópole– se xestionara a través do ente provincial. Esta instalación adoitaba abrirse ao público a principios do mes de xuño, pero de confirmarse que este ano tamén estará fóra de servizo, será o cuarto verán consecutivo que permaneza pechada. O convenio entre as dúas institucións está a día de hoxe sen asinarse, o persoal necesario (vixilantes, socorristas...) sen contratarse, e os labores de mantemento da instalación sen realizarse.
Así pois a falla de coordinación entre estas dúas institucións públicas está provocando un prexuízo á cidadanía á que en plena tempada estival se está privando de poder gozar destas instalacións públicas.

O ano pasado o Grupo Parlamentario Socialista preguntou tamén polos motivos do peche desta instalación, obtendo, por parte da Administración autonómica, a seguinte resposta en setembro de 2017:

«*Os motivos que teñen provocado a imposibilidade de apertura ao público da piscina son o seu estado de situación, coa necesidade de axustar o dito espazo á normativa de aplicación, así como a solicitude da concesión por parte do Parque Tecnolóxico de Galicia S.A. que, tras un estudo xurídico e técnico, tamén inclúe as parcelas de uso deportivo sobre as que se sitúa a piscina, para acadar, deste xeito, unha xestión ordenada, directa e eficaz de todo o seu patrimonio.*

En todo caso, cómpre mencionar que no último Consello de Administración do Parque Tecnolóxico de Galicia S.A, os seus

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/05/2018 16:35
Nº Rexistro: 30985
Data envio: 15/05/2018 16:35:36.578

membros acordaron solicitar un estudo de valoración económica para o acondicionamento da zona deportiva.»

Por todo o exposto, a deputada e os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Renovou este ano a Xunta de Galicia o convenio coa Deputación de Ourense, para abrir ao público as piscinas do Parque Tecnolóxico de Galicia, que son titularidade da Consellería de Economía e Industria?
2. En caso de non asinarse, cal foi o motivo?
3. Que pasos se deron neste último ano para adaptar dito espazo á normativa vixente de aplicación?
4. Realizouse o estudo de valoración económica para o acondicionamento da zona deportiva do Parque Tecnolóxico de Galicia?
5. Que orzamento vai dedicar este ano a Xunta de Galicia para acondicionar a zona deportiva do Parque Tecnolóxico de Galicia?

Pazo do Parlamento, 15 de maio de 2018

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez
Raúl Fernández Fernández
Abel Losada Álvarez
José Manuel Pérez Seco
Deputada e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Noela Blanco Rodríguez na data 15/05/2018 16:32:59

Raúl Fernández Fernández na data 15/05/2018 16:33:04

Abel Fermín Losada Álvarez na data 15/05/2018 16:33:10

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/05/2018 16:35
Nº Rexistro: 30985
Data envio: 15/05/2018 16:35:36.578

Grupo Parlamentario

Jóse Manuel Pérez Seco na data 15/05/2018 16:33:16

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

Reunión da Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo
Día: 06.07.2018 Hora: 10:30
Orde do día

2.4 32070(10/POC-005052)

Grupo Parlamentario de En Marea

Casal Vidal, Francisco e Villares Naveira, Luis

Sobre os datos referidos ao desenvolvemento da primeira fase do proxecto de compra pública precomercial no ámbito dos drones

Publicación da iniciativa, 319, 13.06.2018

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/06/2018 18:20
Nº Rexistro: 32070
Data envio: 07/06/2018 18:20:05.217

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

Francisco Casal Vidal e Luís Villares Naveira, deputados do Grupo Parlamentar de En Marea, ao abeiro do artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta,** para a súa resposta oral na Comisión 6ª, relativa ao grao de avance do proxecto de compra pública precomercial no ámbito dos drons.

O proxecto Civil UAVS Initiative polo que a Xunta de Galicia pretende situar a Galicia como referente internacional no desenvolvemento de drons supón un dos maiores esforzos orzamentarios no ámbito do I+D+i.

A primeira fase de Compra Pública Precomercial supón o investimento de 40 M€ públicos achegados pola Xunta de Galicia e o compromiso por parte das empresas adxudicatarias (INDRA e Babcock) de investir 75 M€ adicionais.

Despois de 2 anos e medio de desenvolvemento desta primeira fase, o proxecto atópase á metade do seu prazo de execución que deberá finalizar en 2020.

Durante estes 2 anos e medio a Xunta de Galicia desenvolveu unha intensa campaña de titulares de prensa, moitos deles contraditorios e visitas protocolarias ao polígono de Rozas. Pero non nos foi posible ata agora obter datos concretos e solventes que demostren o avance real e contrastable do proxecto e a súa incidencia no desenvolvemento dunha industria aeronáutica en Galicia.

Por todo elo, En Marea presenta as seguintes Preguntas para a súa resposta oral na Comisión 6ª:

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/06/2018 18:20
Nº Rexistro: 32070
Data envio: 07/06/2018 18:20:05.217

GRUPO PARLAMENTAR en marea

1.- Que porcentaxe dos 40 M€ de achega pública foron executados nestes dous anos e medio?

2.- Que porcentaxe dos 75 M€ de achega privada foron executados nestes dous anos e medio?

3.- Afírmase nas comunicacións da Xunta de Galicia que xa hai 18 empresas e centros tecnolóxicos galegos involucrados nesta primeira fase do proxecto? Cales son?

4.- Cal é o volume económico total dos contratos asinados por INDRA e Babcock con estas 18 empresas e centros tecnolóxicos?

5.- Cal é o volume económico total dos contratos xa executados e pagos por INDRA e Babcock a estas 18 empresas e centros tecnolóxicos?

6.- Cal é o número de traballadores directos de INDRA e Babcock implicados no proxecto en Galicia, e en concreto no polígono de Rozas? En que categorías profesionais?

7.- Cal é o número de traballadores das empresas auxiliares implicados directamente no proxecto? En que categorías?

8.- Á vista do estado actual de desenvolvemento do proxecto despois de 2 anos e medio da súa primeira fase, está a Xunta de Galicia satisfeita da implicación, grao de integración de empresas galegas e desenvolvemento xeral do proxecto por parte dos contratistas principais INDRA e Babcock?

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/06/2018 18:20
Nº Rexistro: 32070
Data envio: 07/06/2018 18:20:05.217

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Santiago de Compostela, 7 de xuño de 2018.

Asdo.: Francisco Casal Vidal

Luís Villares Naveira

Deputados do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Francisco Casal Vidal na data 07/06/2018 18:18:59

Luis Villares Naveira na data 07/06/2018 18:19:14

Reunión da Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

Día: 06.07.2018 Hora: 10:30

Orde do día

3. Proposicións non de lei

Reunión da Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo
Día: 06.07.2018 Hora: 10:30
Orde do día

3.1 27988(10/PNC-002186)

Grupo Parlamentario de En Marea

Casal Vidal, Francisco

Sobre a demanda polo Goberno galego ao Goberno central do estudo dunha baixada do IVE da enerxía eléctrica para as potencias e consumos establecidos como imprescindibles

Publicación da iniciativa, 280, 21.03.2018

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/03/2018 16:30
Nº Rexistro: 27988
Data envio: 15/03/2018 16:14:05.684

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario de En Marea, por iniciativa do seu deputado Francisco Casal Vidal, ao abeiro do artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte Proposición non de lei, para o seu debate na Comisión 6ª, relativa a estudar unha baixada do IVE da enerxía eléctrica para as potencias e consumos establecidos como imprescindibles .

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Chega o mes de xaneiro, chegan os temporais, os encoros vanse recuperando, os parques eólicos producen á súa máxima potencia, pero "misteriosamente" anúncianse novas subidas do prezo da luz na contorna do 10%. As empresas eléctricas españolas quéixanse de que os seus beneficios son "insuficientes" cando dobran e, nalgúns casos, cuadriplican aos das empresas eléctricas do resto de Europa.

A cobiza dos fondos de investimento internacionais —propietarios en parte das eléctricas españolas— é infinita e moi ben engraxada polas portas xiratorias da presenza masiva de políticos do réxime nos seus consellos de administración. E todo á conta dos consumidores domésticos e industriais, as familias e as empresas, que pagan as tarifas máis caras da UE.

Esta situación, explícase polo marco lexislativo ditado polo BOE, con decretos que en moitas ocasións chegan escritos ao Ministerio dende as empresas do sector, que determina un mercado e unhas poxas, extraordinariamente caras, determinados por unha falta de control e xenerosidade do regulador, que volve cargar sobre os consumidores os custos dun sistema ineficaz e ineficiente.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/03/2018 16:30
Nº Rexistro: 27988
Data envio: 15/03/2018 16:14:05.684

Enormes beneficios construídos sobre elevadas facturas que provocan unha situación de pobreza enerxética intolerable, que non corrixe un Bono Social que deixa fóra a centos de miles de familias en España e Galicia.

Facturas e beneficios privados que non asumen unha serie de externalidades negativas como as emisións de cambio climático, outras emisións contaminantes, vales asolagados, degradación da paisaxe e moitos outros impactos que afectan á cidadanía sen ningún tipo de contrapartida ou que cando as hai lexíslase para que as paguen os propios consumidores. Aquí o que contamina non paga, senón que cobra á conta dos cidadáns que sofren o seu impacto.

As subidas de prezos en períodos de temperaturas especialmente frías, orixinan unha alarma social máis que xustificada porque provocan un aumento do sufrimento de miles de persoas en Galicia e millóns no conxunto do Estado que non poden quentar os seus fogares adecuadamente: son as vítimas da pobreza enerxética.

O Ministro de Enerxía e Axenda Dixital, Sr. Nadal, sinalou que estes períodos de "volatilidade" nas tarifas van ser máis frecuentes, é dicir que son como un fenómeno da natureza do que só cabe refuxiarse e resignarse. Pero non é así. Esta "volatilidade" non é ningún fenómeno natural, ten beneficiarios e causas concretas, é o resultado da acción e da inacción do goberno, que poden e deben reverterse.

A primeira causa é o enorme poder dun grupo de tres empresas, Endesa, Iberdrola e Gas Natural Fenosa, que conforman un auténtico oligopolio enerxético en España, o que lles da poder para manipular o mercado. Segundo o informe anual das axencias de reguladores europeos ACER/CEER, as tres Comercializadoras máis grandes de España controlan o 90% do mercado doméstico, algo inusual no resto da Unión Europea.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/03/2018 16:30
Nº Rexistro: 27988
Data envio: 15/03/2018 16:14:05.684

Un oligopolio na comercialización, e tamén na produción de enerxía, porque estas tres Comercializadoras pertencen aos mesmos grupos empresariais que as tres Produtoras que controlan máis do 60% da xeración, segundo o Informe Anual de 2016 do Mercado maiorista da CNMC.

A segunda causa é o deseño do mercado maiorista de electricidade como un mercado marxinalista obrigatorio de facto, no que deben participar todos os días os Produtores e Comercializadores para vender ou adquirir respectivamente a súa enerxía.

Un deseño que permite, a un reducido número de empresas exercer o seu poder de mercado para fixar o prezo marxinal de forma que tecnoloxías con custos de produción moi inferiores ao marxinal como a nuclear, a eólica e a hidráulica obteñan beneficios inxustificados, caídos do ceo.

A participación obrigatoria dos Comercializadores no Mercado Diario para adquirir toda a enerxía para os seus clientes, converte este mercado nun mero trámite e así entre o 70% e o 80% da demanda de enerxía, é dicir o consumo base, ofértase todos os días ao prezo máximo.

O que chaman mercado e competencia na realidade non é mais que un trámite no que empresas Comercializadoras e Produtoras do mesmo grupo empresarial intercambian números nas súas follas de cálculo, co único obxectivo de maximizar o seu beneficio.

Esta falta de competencia real é a razón que explica a enorme diferenza entre España e o resto de países da UE: en Francia a porcentaxe de enerxía xestionada no Mercado Diario é o 20% e no Reino Unido só o 14%, mentres que en España o Mercado Diario xestiona máis do 80% da enerxía.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/03/2018 16:30
Nº Rexistro: 27988
Data envio: 15/03/2018 16:14:05.684

Unha característica peculiar do noso mercado, que unida ao poder de mercado que ten un reducido número de empresas orixina a volatilidade dos prezos e situacións absurdas como que a produción hidráulica marque o prezo marxinal.

Unha volatilidade que en calquera caso pagan os consumidores no prezo do recibo da luz.

A terceira causa é, o efecto conxunto do axuste, en 2014, do mercado Ibérico co resto de Europa, en cumprimento de diversos Regulamentos da Unión Europea, e a duplicación en 2015 da capacidade da interconexión con Francia.

O resultado son maiores intercambios de enerxía co resto da UE e menor control sobre o fluxo de enerxía con Francia e, polo tanto, co resto da UE. Un fluxo que agora, dentro das limitacións físicas da interconexión, depende exclusivamente da diferenza de prezo entre o mercado francés e o mercado Ibérico.

As interconexións supoñen vantaxes para o sistema eléctrico español, como a posibilidade de importar enerxía máis barata ou exportar o exceso de produción eléctrica de orixe renovable. Pero tamén riscos, cando se expón, a través da interconexión, mais do 80% do mercado español, o que se poxa diariamente, á volatilidade puntual de prezos dos mercados europeos interconectados.

En Francia puntualmente o prezo marxinal pode subir a prezos moi altos, pero só afecta a unha parte moi pequena da enerxía vendida, a que se poxa diariamente. Por contra cando o prezo marxinal español se ve afectado por esta subida, en Francia e no resto de Europa, afecta á maioría da enerxía poxada diariamente, o 80%, o que fai que a factura para os consumidores se dispare.

Os beneficiarios desta situación son todos os produtores pero, de forma especial, os tres grandes grupos empresariais que conforman o oligopolio eléctrico español, Endesa, Iberdrola e Gas Natural Fenosa titulares de centrais nucleares,

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/03/2018 16:30
Nº Rexistro: 27988
Data envio: 15/03/2018 16:14:05.684

hidráulicas, eólicas e de carbón: beneficios para elas a costa da sociedade, porque dunha ou outra maneira, todos os consumidores españois saen prexudicados .

Os Regulamentos da Unión Europea regulan o Mercado Diario e a xestión das interconexións, pero non canta enerxía se debe de xestionar nese Mercado. Cada país pode e debe adoptar a estrutura de mercado que mellor lle conveña para gozar das vantaxes das interconexións protexendo aos seus consumidores da volatilidade dos mercados. En España faise todo o contrario.

Un desmesurado e obrigatorio Mercado Diario e un axuste maior e máis estreito co resto da UE é unha combinación que provoca volatilidade dos prezos, e grandes beneficios para os Produtores de electricidade en España.

As grandes eléctricas españolas duplican, e as veces cuadriplican, os beneficios das europeas entre 2013 e 2016: os beneficios das empresas españolas son os máis elevados de Europa, en resultados respecto de facturación. Os resultados das grandes compañías eléctricas españolas foron, de media, do 8% sobre a facturación, cando en Francia foi do 4%, en Gran Bretaña do 1% e en Alemaña do -4%.

Nun mercado de concorrencia competitiva os beneficios empresariais dependen do acerto nos investimentos realizados, da optimización dos seus procesos de produción, distribución e comercialización e, no caso das empresas eléctricas, dos prezos das materias primas, carbón, gas...que é o mesmo para todas as compañías europeas. Pero, no caso español teñen unha dopaxe excepcional que se chama BOE e todas as decisións políticas plasmadas no mesmo –que son as que condicionan o mercado eléctrico– sendo un dos sectores máis dependentes destas decisións. Decisións do Goberno do PP sempre favorables ás compañías do oligopolio e tremendamente prexudiciais para o peto dos cidadáns e para a competitividade das empresas.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/03/2018 16:30
Nº Rexistro: 27988
Data envio: 15/03/2018 16:14:05.684

No caso de España os beneficios non se deben só aos beneficios típicos do mercado eléctrico a nivel internacional, senón a unha serie de decisións políticas totalmente inxustificadas, verdadeiros agasallos multimillonarios ao oligopolio. Por exemplo, os ingresos polos teóricos custos de transición á competencia, as axudas ao gas, os beneficios caídos do ceo por permitir que a produción nuclear, hidráulica e eólica entre nas poxas diarias onde é vendida a uns prezos desorbitados ou o financiamento do déficit de tarifa dificilmente xustificable. En definitiva unha gran parte dos beneficios destas empresas pagámolos todos os cidadáns e empresas sen ningunha xustificación de custos nin de mercado.

Entre 2005 e 2016 o prezo da electricidade para o consumidor doméstico en España incrementouse nun 100% cando na maioría de países da nosa contorna oscila o incremento entre o 25% e o 60%.

Un caso moi reseñable é o de Holanda onde o prezo entre 2005 e 2016 se reduciu nun 17,07%. Habería que analizar a fondo que incidencia tivo neste feito excepcional a decisión do Goberno holandés de asumir a xestión pública da rede de distribución favorecendo con iso a autoprodución, o autoconsumo e o control dos custos reais do servizo de distribución.

Custos de distribución que en España terían que ser auditados, da mesma maneira que os de produción, xa que existen diferentes estudios que estiman que están inflados polo menos un 40%, unha cifra equivalente en valores absolutos a 5.000 M€ ao ano que pagamos de máis ás eléctricas por este servizo de distribución.

Toda esta argumentación está avalada por informes da UE, que certifican que o custo de distribución en España é o máis caro de Europa, nalgúns casos con diferencias escandalosas. Por suposto os informes das eléctricas españolas, a partir dos que o Estado lles recoñece a retribución sen auditoría nin control

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/03/2018 16:30
Nº Rexistro: 27988
Data envio: 15/03/2018 16:14:05.684

rigoroso algún, son moi diferentes. Os seus desproporcionados beneficios levan a pensar que o informe correcto é o da UE.

Ante todo o exposto e considerando que o Goberno da Xunta de Galicia debe intervir e a este fin, En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 6ª:

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

Instar ao Goberno de España a estudar unha baixada do IVE da enerxía eléctrica para as potencias e consumos establecidos como imprescindibles, tal e como se fai en moitos países europeos.

Santiago de Compostela, 15 de marzo de 2018.

Asdo.: Francisco Casal Vidal, Asdo.: Luís Villares Naveira

Deputado do G.P. de En Marea. Voceiro do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Francisco Casal Vidal na data 15/03/2018 14:22:10

Luis Villares Naveira na data 15/03/2018 14:22:20

Reunión da Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo
Día: 06.07.2018 Hora: 10:30
Orde do día

3.2 30298(10/PNC-002436)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas deficiencias e carencias que presenta en materia de sinalización e seguridade o Camiño de Santiago ao seu paso por Seixalbo, na provincia de Ourense

Publicación da iniciativa, 301, 08.05.2018

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/05/2018 13:14
Nº Rexistro: 30298
Data envio: 02/05/2018 13:14:24.939

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Noa Presas Bergantiños**, **Luis Bará Torres**, **Ana Pontón Mondelo**, **Xosé Luis Rivas Cruz**, **Olalla Rodil Fernández** e **Montserrat Prado Cores**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 6ª**, relativa á corrección das deficiencias de sinalización e falta de seguridade do Camiño de Santiago ao seu paso por Seixalbo (Ourense).

A ruta da prata ou Camiño Mozárabe é a ruta xacobea de maior percorrido, conectando o sur da península con Santiago de Compostela constituíndo a prolongación dunha antiga calzada romana que unía a localidade de Mérida con Astorga. Esta vía mantívose viva na Alta Idade Media, primeiro cos visigodos e despois baixo dominación islámica. Posteriormente, na Baixa Idade Media os e as cristiás mozárabes recristianizárona e comezaron as peregrinacións desde o sur, tanto desde Andalucía como desde Estremadura. A día de hoxe é unha ruta moi visitada nos seus diferentes tramos e tamén hai moitas persoas que fan un anaco dela desde diferentes puntos. Xa na Galiza, esta ruta ten dous posíbeis itinerarios, un por Laza e outro por Verín, que conflúen no seu paso pola cidade de Ourense e os seus arredores.

Cómpre recordar que Seixalbo goza da consideración de Núcleo de Interese Etnográfico. As súas condicións de conservación fan que este núcleo sexa un valor engadido para as e os visitantes que cheguen a Ourense a través do Camiño e, ao mesmo tempo, require que o propio Camiño sexa un elemento de dinamización para a poboación. Porén, a día de hoxe existen varias problemáticas vencelladas que poden ir

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/05/2018 13:14
Nº Rexistro: 30298
Data envio: 02/05/2018 13:14:24.939

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

en detrimento destes factores de desenvolvemento así como da seguridade e sinalización do camiño, que repercutirán nunha peor experiencia tanto para as persoas peregrinas como para aquelas que empregan este treito do camiño, próximo á cidade, para practicar deporte e actividades de lecer. A isto súmanse as modificacións no propio recorrido do camiño que se impuxeron co trazado ferroviario pola falta de permeabilidade entre os núcleos de poboación por mor da infraestrutura.

Ao abeiro do Plan Director do Camiño contémplase a Liña estratéxica 3: Conservación e mantemento do Camiño de Santiago que recolle entre as súas actuacións prioritarias tanto a 3.1 . Mantemento viario, sinalización e seguridade vial no Camiño de Santiago como a 3.2 Camiño de Santiago accesíbel.

Actualmente, as e os peregrinos que veñen desde o alto de Bemposta dirección Ourense atravesan a zona da rúa Santa Águeda. En primeiro lugar, trátase dun tramo confuso e con deficiente sinalización que fan que as e os peregrinos continúen pola rúa Santa Águeda cara á dereita, con dirección á rúa camiño do tren no lugar de desviárense lixeiramente cara a esquerda ata atoparse coa vía do tren. Sería preciso, polo tanto, unha mellora da sinalización neste punto.

Así mesmo, en segundo lugar, as e os peregrinos ao atopárense coa vía do tren deben coller en paralelo á vía cara á esquerda un carreiro que desemboca na estrada Ou-105 e pasar por debaixo dunha ponte sobre a que discorre a vía. Porén, dunha banda hai unha deficiente sinalización pero tamén un problema de seguridade evidente (coordenadas 42°18'06.7"N 7°51'15.9"W). Nesta zona pasan coches a velocidade considerábel hai mala visión tanto para a ou o viandante (que non ten ningún sinal de advertencia) como para os vehículos (que teñen un único sinal de advertencia xa na inmediatez do cruce). Non hai tampouco elemento de seguridade algún (beirarrúa,

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/05/2018 13:14
Nº Rexistro: 30298
Data envio: 02/05/2018 13:14:24.939

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

vallas, espellos…) que permita prever o paso do vehículo ou da persoa viandante nin velar pola súa protección.

O referido Plan Director contempla a necesidade de priorizar as intervencións no Camiño de Santiago naquelas situacións nas que, como neste caso:

- Vese condicionada a seguridade das e dos peregrinos

- Conviven outros elementos de sinalización que dificultan a identificación do Camiño

- É precisa a eliminación da sinalización ilícita.

Máis aínda, desde o Bloque Nacionalista Galego queremos facer notar, ademais, o risco engadido no caso de tratarse de peregrinaxe a cabalo. Por outra banda, é preciso mellorar a sinaléctica da zona, tamén de cara a poñer en valor a contorna da Capela de Santa Águeda e indicar que, por exemplo, hai fontes aptas para o emprego humano, xa que, por mor das deficiencias así como da ruptura no camiño que supón a vía e a falta dun paso subterráneo, pasa desapercibida para moitas das persoas visitantes da ruta.

Por todos estes motivos, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 6ª:

"O Parlamento galego acorda instar á Xunta de Galiza a:

1. Dirixir, no prazo máximo dun mes, actuacións conducentes a corrixir as deficiencias de sinalización do Camiño de Santiago ao seu paso por Seixalbo para unha mellor orientación das persoas que o recorren. Así mesmo, na mellora da sinaléctica contemplarase:

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/05/2018 13:14
Nº Rexistro: 30298
Data envio: 02/05/2018 13:14:24.939

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

a) unha mellora das indicacións da Capela de Santa Águeda

b) unha advertencia da perigosidade da incorporación á estrada OU-105, en canto non se tomen medidas ao respecto.

2. Desenvolver os estudos técnicos necesarios para poñer en marcha novas actuacións que melloren a falta de seguridade do Camiño de Santiago ao seu paso por Seixalbo e as súas intersecções coa estrada OU-105 con especial atención ao paso por debaixo da ponte da vía do tren. En canto non se concreten estas medidas, mellorarase a sinaléctica de advertencia para os vehículos tanto en sentido ascendente como descendente.”

Santiago de Compostela, 2 de maio de 2018

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Montserrat Prado Cores

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/05/2018 13:14
Nº Rexistro: 30298
Data envio: 02/05/2018 13:14:24.939

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 02/05/2018 13:08:45

María Montserrat Prado Cores na data 02/05/2018 13:08:50

Ana Pontón Mondelo na data 02/05/2018 13:08:52

Xose Luis Rivas Cruz na data 02/05/2018 13:08:53

Olalla Rodil Fernández na data 02/05/2018 13:08:56

Xosé Luis Bará Torres na data 02/05/2018 13:08:58

Reunión da Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo
Día: 06.07.2018 Hora: 10:30
Orde do día

3.3 31961(10/PNC-002598)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Blanco Paradelo, Moisés e 12 máis

Sobre a elaboración pola Xunta de Galicia, coa participación do sector, de plans de innovación específicos para o desenvolvemento de novos usos da madeira, novos materiais de base biolóxica e de aplicación do deseño que contribúan a mellorar a valorización dos produtos da industria forestal

Publicación da iniciativa, 319, 13.06.2018

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/06/2018 16:42
Nº Rexistro: 31961
Data envio: 06/06/2018 16:42:26.888

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA

A Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa dos deputados e deputadas, **Moisés Blanco Paradelo, José González Vázquez, María Antón Vilasánchez, Isabel Novo Fariña, Marta Nóvoa Iglesias, Cristina Romero Fernández, Miguel Tellado Filgueira, Sandra Vázquez Domínguez, Encarna Amigo Díaz, Raquel Arias Rodríguez, Silvestre Balseiros Guinarte, Carlos Gómez Salgado** e **Daniel Vega Pérez,** ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate na Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo.**

Exposición de motivos

A madeira, como elemento biolóxico, reciclable e reutilizable, ten unha especial importancia no desenvolvemento da bioeconomía; abríndose novas posibilidades para a xeración de riqueza da man dun recurso natural estratéxico como son os nosos bosques.

Galicia xa é unha potencia europea na industria forestal (9ª posición) pero aínda ten capacidade para seguir medrando. 4.000 empresas da primeira transformación da madeira e da segunda e a achega do 2% do noso PIB e do 2,3% do emprego, son unha boa mostra disto.

Polo tanto, no ámbito forestal, e logo da creación da Axencia Galega da Industria Forestal (XERA) compre deseñar accións para dar valor a cadea industrial do sector da madeira, tan relevante para o desenvolvemento do noso rural.

Entre as competencias principais da axencia están o deseño de estratexias para a innovación, por iso desde o Grupo Popular estamos convencidos de que é o organismo aglutinador, que ten que estimular a transferencia de coñecementos e tecnoloxía, aplicados a produtos ou procesos que melloren e modernicen o eido forestal e a súa capacidade produtiva.

Nun contexto de crecente competencia, é necesario que todos os sectores conten coas ferramentas axeitas para poder aproveitar as oportunidades que ofrece o mercado, mediante enfoques amplos, coordinados e innovadores na implantación de novos proxectos, que incentiven a creación de emprego de calidade nun sector cada vez máis moderno e competitivo que poida acudir a novos nichos de mercado.

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/06/2018 16:42
Nº Rexistro: 31961
Data envio: 06/06/2018 16:42:26.888

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA

Tendo en conta o anteriormente exposto, o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte proposición non de lei en Comisión:

"O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a elaborar plans de innovación específicos para o desenvolvemento de novos usos da madeira, novos materiais de base biolóxica e de aplicación do deseño que contribúan a mellorar a valorización dos produtos da industria forestal galega, coa participación do sector".

Santiago de Compostela, 6 de xuño de 2018

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 06/06/2018 16:36:56

Moisés Blanco Paradelo na data 06/06/2018 16:37:05

José González Vázquez na data 06/06/2018 16:37:13

Maria Antón Vilasánchez na data 06/06/2018 16:37:22

María Isabel Novo Fariña na data 06/06/2018 16:37:28

Marta Novoa Iglesias na data 06/06/2018 16:37:36

Cristina Isabel Romero Fernández na data 06/06/2018 16:37:45

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 06/06/2018 16:37:54

Sandra Vázquez Dominguez na data 06/06/2018 16:38:03

María Encarnación Amigo Díaz na data 06/06/2018 16:38:12

Raquel Arias Rodríguez na data 06/06/2018 16:38:19

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/06/2018 16:42
Nº Rexistro: 31961
Data envio: 06/06/2018 16:42:26.888

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA

Silvestre Balseiros Guinarte na data 06/06/2018 16:38:29

Carlos Gómez Salgado na data 06/06/2018 16:38:36

Daniel Vega Pérez na data 06/06/2018 16:38:47

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com